Xuízas e Xuíces
para a Democracia

ACTA DA REUNIÓN SECCIÓN TERRITORIAL DE GALICIA
1 de octubre de 2024
Hora de inicio: 16:30 horas
Hora de finalización: 18.00 horas

ACTA

ASISTENTES:
Luis Villares, Raquel Casas, Isabel Olmos, Luna Taboada, Carlos Villarino, Miguel Herreno, Javier Menéndez, Miguel Herrero, Magdalena Fernández Soto, Isabel Olmos, Pura Caaveiro, Carlos Suárez-Mira, Sandra Piñeiro, Miguel Aramburu, Eduardo Navarro y Julio Casales.

EXCUSAN SU ASISTENCIA:
Teruca Conde-Pumpido, Marcos Díaz Peteiro, Fernando Cabezas, Lorena López, Celeste Ameneiro, Raquel Fernández e Pilar Gismera.

ORDEN DEL DÍA:
1. Elección da nova Coordinadora Territorial.
2. Debate e votación sobre o Programa de actuación conxunto con AJFV e FJI para as Eleccions á Sala de Goberno de Galicia.

1.-Elección da nova Coordinadora Territorial

Os coordinadores Carlos Suárez-Mira e Isabel Olmos Parés poñen os seus cargos a disposición da Sección Territorial segundo os Estatutos da Asociación, despois do Congreso celebrado en Vigo no mes de xuño pasado.

Hai unha proposta de que a nova coordinadora estea formada por máis de dous membros, dada a súa capacidade de autoorganización, aínda que só dous de eles/as teñan a representación orgánica.

Os nomes propostos son os de Carlos Villarino, Sandra Piñeiro, Xermán Varela e Raquel Casas. Consultada a Oficina Técnica, a mesma indica que a representación orgánica debe ser asumida por dous de eles/las, o cal será decidido entre eles o, no seu caso, na próxima reunión.

2.-Debate e votación sobre o Programa de actuación conxunto con AJFV e FJI para as Eleccions á Sala de Goberno de Galicia.

Preséntase pola coordinadora o Programa conxunto elaborado entre XD e AJFV e o FJI que é a base dunha Candidatura conxunta. Tamén se informa sobor dos candidatos/as que as ditas asociacións teñen pensado incorporar na dita Candidatura, así como a distribución entre as mesmas; en concreto 2 para XD, 2 para AJFV, 1 para o FJI e dous independentes, así como que,

no caso de que non se obteñan candidatos/as independentes, os postos acrecerán un para XD e outro pra AJFV.

A maioría dos presentes mostra a súa conformidade co Programa e tamén co nome dos candidatos/as que AJFV e FJI propoñen, ó ser coñecidos por algún ou varios dos presentes.
Luis Villares mostra a súa dúbida en relación a composición da candidatura dado que XD tén máis representación en Galicia que AJFV. Se comenta por Carlos Villarino que podería acordarse, no caso de que non se consigan os dous candidatos independentes, que eses dous postos sexan asignados a XD, aínda que polo momento hai que esperar.

En todo caso, dado que existen discrepancias por parte de asociados de XD, que non puideron estar presentes nesta reunión e que pediron expresamente no chat do grupo de WhatsApp a posibilidade de votar a Proposta, decídese convocar una consulta, que organizará a Oficina Técnica de Madrid para preguntar: “Estás de acordo en acudir de forma conxunta con AJFV e o FJI nas próximas Eleccións á Sala de Goberno?” O formulario estará aberto nun plazo de 48 horas que finalizará as 20,00 horas do xoves 3 de outubro.

En relación cos/as candidatos/as que XD levará na lista, tanto no caso de ir soa, como no caso de ir coa AJFV e o FJI, acordase celebrar unha reunión/xantar en Santiago, presencial, o día 15 de outubro onde se poderá decidir os titulares da candidatura e os suplentes, así como tamén, no seu caso, os dous representantes orgánicos da ST e otros temas relacionados coas Eleccións.

A Coordinadora territorial,
Isabel Olmos Parés